

MEU POBRE LA CHALOUPE





**Ben, e ti?**

Ben.

**Poñemos as webcam?**



Dálle.



**Pos cara?**

Non, só corpos. Nada de caras.

**Vesme?**

Si. E ti?

**Agora si.**

Quita toda a roupa, agarra a picha con toda a man e dálle duro.

**Así?**

Máis duro, así.

**Que farías comigo se estiveras aquí?**

De todo.

**Dime, que farías comigo?**

Non fales e dálle con forza.




**Fala polo micro, por favor.**



Non.

***Off La Chaloupe:***

*A miña lingua podería dar chimpos do escroto ás xemas, dez de dez por ese corpo sexa de quen sexa. Agarrándoo, dándolle as miñas entrañas, as miñas arelas todas nun anaco de carne quente. Pérdome no reflexo da súa pel e fico duro toda a noite, coas súas expiracións nocturnas pásame o mesmo pero xa estou duro moito antes. Seica isto é un xeito de amor, un xeito de procurar amor, un xeito de atopalo, un xeito de comunicación, un xeito de namoramento, un xeito, un xeito, un xeito... un xeito de onanismo amador. Amor de calquera xeito, amor. Carne amante na procura dos ollos quentes e firmes do seu carnicero.*



**Poñemos o micro?**

Non.

**Un pouco, só quero saber como soa a túa voz, téñoa imaxinado tantas veces, que xa non sei...**

O micro só para escoitar a miña respiración cando dormes. Tes que ser obediente ou nada terá sentido.

**Durmo todas as noites coa túa respiración, imaxino a túa lingua recorréndome as costas e cando quero virarme para bicarte...**

Cala e quita a roupa.

**Toda?**

Toda, e sen xogos. Só fica nu para min.

**Quero verte, quero ver os teus ollos**

Son o que ves.

**Non tes cabeza. Só es un tronco?**

Son o que ves. E agora estou quente e a miña picha húmida, ves? Vou rematar por correrme sobre o teclado.

**Devezo por estar aí lambendo, así viriaste na miña cara e ollárame nos teus ollos.**

Imaxíno!

**Sube a cam. Pon a cara só un minuto.**

Como volvas pedirme iso remata o conto.

**Só un segundo...**

Non.




### **Off La Chaloupe:**

*E teño que imaxinar todo, sempre tiven que imaxinalo todo, nada podo ver cos ollos da cara e así imaxino alén da pantalla uns ollos abertos no fondo dos meus, uns ollos na procura dos meus, uns ollos famentos de luz. Uns ollos húmidos na miña almofada bicando os meus. Isto debe ser o sabor do amor, podería describir con máis de cen matices ese sabor.*

*Non podo durmir, necesito tomar o aire e abrir as orellas a calquera cousa que non sexa a súa respiración; ou non dis ti, ou non digo eu, cala dis ti e eu calo.*

**Cala! Xa estou duro, quero facerme unha palla.**

**Agarda, quero dicirte algo importante.**



Cala e dálle.



Saca a roupa. Tócate para min.

**Así?**

Si! Agarra a picha con toda a man e dálle duro.

**Quero ver a túa cara.**

Non pares.

**Sube a cam, por favor.**

Nada de caras. Abre as pernas e dálle duro.

**Vou correrme e quero que vexas como ollo para ti.**

Non movas a cam.

**Ves?**



**Off Cornaboeux:**

*Non, non teño tempo para isto.*

